



BREAKFAST ON PLUTO

Irlanda | 2005 | 129 min | Drama. Comedia

DIRECTOR Neil Jordan

GUIÓN Neil Jordan & Patrick McCabe

FOTOGRAFÍA Declan Quinn

INTÉRPRETES Cillian Murphy, Liam Neeson, Ruth Negga, Laurence Kinlan, Stephen Rea, Brendan Gleeson, Ian Hart, Gavin Friday, Conor McEvoy, Ruth McCabe, Steve Waddington, Eva Birthistle, Bryan Ferry

SINOPSE Na década dos sesenta, nunha vila preto da fronteira co Ulster, a nai de Patrick abandónao na casa do seu pai biolóxico (Liam Neeson). O pequeno Patrick vai medrando coa súa familia adoptiva e cos seus amigos. O pai dun deles cóntalle a Patrick que a súa nai era a muller máis atractiva do lugar, polo seu parecido coa actriz Mitzi Gaynor, e revélalle que abandonou a vila para vivir en Londres. Un incidente deixa claro que a natureza de Patrick casa mal coa intolerancia da vila e este vese obrigado a marchar. Facendo autostop coñece un extravagante grupo de *glam-rock* e inicia unha relación sentimental co seu cantante. A partir dese momento, Patrick vivirá unha serie de desventuras até chegar a Londres, onde comezará a busca da súa nai e onde desenvolve a súa transexualidade.

BREAKFAST ON PLUTO: MOTHERLAND, O IRA E O GLAM

Neil Jordan viña dun magnífico momento de forma (as súas dúas películas anteriores, *The End of the Affair*—nova adaptación dunha novela de Graham Greene— e *The Good Thief*—singular e poderoso *remake* libre de *Bob le Flambeur*, de Melville— están entre o máis inspirado do seu cinema na década pasada) cando afronta o problema de como traducir en imaxes a novela *Breakfast on Pluto*, de Pat McCabe, xunto ao cal o director xa afrontara a que é, se cadra, a súa película máis radical e indixesta, *The Butcher Boy*. O texto de McCabe parece refundir os máis significativos parámetros argumentais da filmografía de Jordan: Irlanda, co seu canibalismo redentorista da IRA, presente en *Danny Boy*, en *Michael Collins* e en *The Crying Game*; un personaxe cuxa identidade sexual é un proceso mutante de autoconecemento, de novo *The Crying Game*; e o disface como mecanismo de fuga ou de ocultación, unha idea que preside *The Company of Wolves*, coa súa carapuchiña e o seu feroz perseguidor, *The Butcher Boy* e as súas cabezas de porco ou, mesmo, as sotanas liviás de *We're No Angels*.

E nisto, todos os citados leitmotivos entrecúzanse nas dobras desta traxicomedia na cal Cillian Murphy destaca inmenso na súa interpretación dunha especie de Cándido nacido, coma un Moisés gaélico, para superar a ausencia da nai, o rexeitamento dun integrista católico obstinado e as sacudidas dos tempos que Irlanda viviu a sangue e fogo. E, como o personaxe de Voltaire, Murphy (o seu personaxe Patrick Kitten Bradden) trata de alporizarse, de sublimar o inferno tan temido e de se reinventar a si mesmo, no mellor dos mundos, como unha raíña do *glam-rock* no *swinging*



London.

Os lazos que emparentan *Breakfast on Pluto* con *The Butcher Boy* son os mesmos que separan as perspectivas intensas de ambos os dous filmes: no primeiro, Cillian Murphy é capaz de elevarse, de romper as raíces cos devanceiros abisais e de voar como crisálida cara a un mundo mellor, sempre en busca do anxo da luz (aquela nai que se parecía a Mitzi Gaynor). En *The Butcher Boy*, o seu protagonista non coñecía outra saída que enfangarse no lodo da Irlanda profunda. Ah!, nos dous filmes hai un *cameo* musical sonoro e de sona (ambos os dous termos son aplicables aquí): en *The Butcher Boy*, Sinéad O'Connor é unha Virxe María nacida do LSD, mentres en *Breakfast on Pluto*, Bryan Ferry é un apóstolo despistado no camiño de perfección da transexual Kitten.

E convén non perderse a chiscadela a *The Crying Game* (vista xa neste ciclo): ese momento no cal Cillian Murphy, hiperfeminino, advirte a Stephen Rea da súa peculiaridade *trans*, ao que Rea —non vai tropezar dúas veces na mesma pedra; xa está avisado— lle resposta que si, que xa se decatou noutra vida.

Máis aló do seu barroquismo ben embridado, *Breakfast on Pluto* é un sólido condensado do universo Neil Jordan. E, á espera de que vostedes vexan a moi irregular Byzantium (o seu retorno ao cinema de vampiros, un filme do 2012 que se estrea comercialmente este mes), é posible que esteamos ante o canto do cisne autoral deste director irlandés que por idade (ten 64 anos) non debería darse por amortizado, aínda que os seus pasos perdidos, os nove anos transcorridos desde a estrea desta proteica *Breakfast on Pluto*, convidan a pensar que a súa cámara, a súa Irlanda, os seus camaleóns feridos, xa mandaron parar.

SINOPSIS En la década de los sesenta, en un pueblo cerca de la frontera con el Ulster, la madre de Patrick lo abandona en la casa de su padre biológico (Liam Neeson). El pequeño Patrick va creciendo con su familia adoptiva y sus amigos. El padre de uno de ellos le cuenta a Patrick que su madre era la mujer más atractiva del lugar, por su parecido con la actriz Mitzi Gaynor, y le revela que abandonó el pueblo para vivir en Londres. Un incidente deja claro que la naturaleza de Patrick casa mal con la intolerancia del pueblo y este se ve obligado a marcharse. Haciendo autoestop conoce a un extravagante grupo de *glam-rock* con cuyo cantante inicia una relación sentimental. A partir de ese momento, Patrick vivirá una serie de desventuras hasta llegar a Londres, donde comenzará la búsqueda de su madre y donde desarrolla su transexualidad.

BREAKFAST ON PLUTO: MOTHERLAND, EL IRA Y EL GLAM

Neil Jordan venía de un magnífico momento de forma (sus dos películas anteriores, *The End of the Affair* —nueva adaptación de una novela de Graham Greene— y *The Good Thief* —singular y poderoso remake libre de *Bob le Flambeur*, de Melville— están entre lo más inspirado de su cine en la década pasada) cuando aborda cómo volcar en imágenes la novela *Breakfast on Pluto*, de Pat McCabe, junto al cual el director ya había abordado la que tal vez sea su película más radical e indigesta, *The Butcher Boy*. El texto de McCabe parece refundir los más significativos parámetros argumentales de la filmografía de Jordan: Irlanda, con su canibalismo redentorista del IRA, presentes en *Danny Boy*, en *Michael Collins* y en *The Crying Game*; un personaje cuya identidad sexual es un mutante proceso de autoconocimiento, de nuevo *The Crying Game*; y el disfraz como mecanismo de fuga o de ocultamiento, una idea que preside *The Company of Wolves*, con su caperucita y su feroz perseguidor, *The Butcher Boy* y sus cabezas de cerdo o, incluso, las sotanas livianas de *We're No Angels*.



Y en esto, todos los citados *leitmotiv* se entrecruzan en los pliegues de esta tragicomedia en la cual Cillian Murphy destaca inmenso en su interpretación de una especie de Cándido nacido, como un Moisés gaélico, para superar la ausencia de la madre, el rechazo de un integrista católico cerril y las sacudidas de los tiempos que Irlanda vivió a sangre y fuego. Y, como el personaje de Voltaire, Murphy (su personaje Patrick Kitten Bradden) trata de soliviantarse, de sublimar el infierno tan temido y de reinventarse a sí mismo, en el mejor de los mundos, como una reina del *glam-rock* en el *swinging* London.

Los lazos que emparentan *Breakfast on Pluto* con *The Butcher Boy* son los mismos que separan las perspectivas intensas de ambos films: en el primero, Cillian Murphy es capaz de elevarse, de romper las raíces con los ancestros abisales y de volar como crisálida hacia un mundo mejor, siempre en busca del ángel de la luz (aquella madre que se parecía a Mitzi Gaynor). En *The Butcher Boy*, su protagonista no conocía otra salida que enfangarse en el lodo de la Irlanda profunda. ¡Ah!, en los dos films hay un *cameo* musical sonado (en ambos sentidos): en *The Butcher Boy*, Sinnead O'Connor es una Virgen María nacida del LSD, mientras en *Breakfast on Pluto*, Bryan Ferry es un apóstol despistado en el camino de perfección de la transexual Kitten.

Y conviene no perderse el guiño a *The Crying Game* (vista ya en este ciclo): ese momento en el cual Cillian Murphy, hiperfemenino, advierte a Stephen Rea de su peculiaridad *trans*, a lo cual Rea —no va a tropezar dos veces en la misma piedra; ya está avisado— replica que sí, que ya se ha dado cuenta en otra vida.

Más allá de su barroquismo bien embriado, *Breakfast on Pluto* es un sólido condensado del universo Neil Jordan. Y, a la espera de que ustedes vean la muy irregular *Byzantium* (su retorno al cine de vampiros, un film del 2012 que se estrena comercialmente este mes), es posible que estemos ante el canto del cisne autoral de este director irlandés que por edad (tiene 64 años) no debería darse por amortizado, aunque sus pasos perdidos, los nueve años transcurridos desde el estreno de esta proteica *Breakfast on Pluto*, invitan a pensar que su cámara, su Irlanda, sus camaleones heridos, ya han mandado parar.